




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



**IES XERMÁN ANCOCHEA
QUEVEDO**

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tif.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:

ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso 2021/2022

O documento que presentamos está redactado ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, e cinguíndonos á addenda propiamente dita, tómase como referencia a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Segundo isto, no período comprendido entre a terceira avaliación parcial (6 de xuño de 2022) e a terceira avaliación final (22 de xuño) o departamento de Lingua Galega e Literatura acorda tomar as medidas que se reflicten a continuación, e que modifican o sistema de avaliación fixado na programación didáctica presentada ao comezo do curso escolar.

Nos cursos de **educación secundaria obrigatoria** levaranse a cabo actividades de reforzo, apoio, recuperación e ampliación, para as que se tomará como referencia o informe de avaliación individualizado. Estas actividades terán un carácter práctico e instrumental nas que se fará fincapé na expresión oral e na expresión escrita, ao tempo que lles permita desenvolver as competencias clave de maneira positiva. Todas e son obrigatorias para todo o alumnado.

A **metodoloxía** que se vai empregar para desenvolver estas actividades terá un enfoque comunicativo e estará adaptada ás necesidades individuais de cada persoa. Así pois, a dinámica das sesións estará baseada na produción de textos orais (simulacros, exposicións orais, debates, etc.) e escritos (textos relacionados coa vida cotiá, textos de creación literaria, pequenas recensións dos libros lidos durante o curso, etc.) que terán como finalidade reforzar aqueles elementos curriculares nos que os discentes presenten máis dificultades.

Os **instrumentos de avaliación** que se van empregar van estar deseñados en función das actividades mencionadas, de tal maneira que usaremos diferentes métodos como rúbricas, escalas de observación, a observación directa, cuestionarios de resposta breve ou tipo test.



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



UNIÓN EUROPEA



IES XERMÁN ANCOCHEA
QUEVEDO

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tif.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:

ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

Desta maneira, todos os discentes terán a oportunidade de mellor a nota da terceira avaliación parcial, que se verá incrementada en 0,5 puntos. Con todo, cómpre sinalar que a cualificación da avaliación final nunca será inferior á da avaliación parcial.

Así pois, a nota final do curso obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, é dicir, da primeira e da segunda avaliación e da terceira parcial. Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos, aos que hai que engadir os 0,5 puntos mencionados anteriormente. No caso do alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas, este deberá presentarse a unha proba escrita que se realizará durante o período establecido polo centro educativo. Esta proba escrita terá o mesmo valor có asignado para as pobras escritas realizadas durante o curso, tal e como reflicte a programación didáctica, é dicir, un **40% da nota final**, á que lle engadir a puntuación obtida no resto de criterios da terceira avaliación.

No caso de **1º de Bacharelato**, a avaliación final realízase o 6 de xuño polo que o período comprendido entre esta data e o 22 de xuño destinarase a preparar as probas extraordinarias de recuperación, que terán lugar os días 20, 21 e 22 de xuño.

O alumnado que superou a materia na avaliación final do 6 de xuño levará a cabo actividades de ampliación de carácter lúdico e motivador como dramatizacións, tertulias literarias, proxección de películas ou adaptacións de obras literarias, etc.

O alumnado que non superou a materia deberá realizar as tarefas de reforzo e apoio propostas polo docente. Estas actividades estarán destinadas a preparar as probas extraordinarias de recuperación, que terán como fío condutor aqueles contidos nos que presente máis dificultades como comentarios de obras literarias ou de diferente tipoloxía textual, actividades prácticas, etc. Desta maneira, este alumnado poderá participar nas actividades de motivación descritas anteriormente sempre e cando se comprometa a entregar as súas tarefas nos prazos establecidos polo docente.

Así pois, a nota final obterase da media aritmética das tres avaliacións. Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior aos 5 puntos. No caso do alumnado con dúas ou máis avaliacións suspensas, este deberá presentarse a unha proba escrita que se realizará durante o período establecido polo centro educativo. Esta proba escrita terá o mesmo valor



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



UNIÓN EUROPEA



IES XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO

R/ Germán Ancochea, nº 13
32780 A Pobra de Trives (Ourense)
Tlf.: 988330302 Fax: 988330302
Correo electrónico:

ies.xerman.ancochea@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesxermanancochea>

có asignado para as probas escritas realizadas durante o curso, tal e como reflicte a programación didáctica, é dicir, un **60% da nota final**, á que lle hai que engadir a puntuación obtida no resto de criterios da terceira avaliación.

No caso de **2º de Bacharelato**, o período comprendido entre a terceira avaliación ordinaria (19 de maio) e as probas extraordinarias de recuperación (20, 21 e 22 de xuño), o centro organizará as clases co fin de preparar o alumnado para as probas de acceso á universidade e/ou para as probas extraordinarias.

Tal e como reflicte a programación didáctica do departamento, a cualificación da avaliación final obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas. Non se realizará unha proba de recuperación de contidos ao finalizar cada avaliación. Trátase de contidos progresivos e avaliados de forma continua e non consideramos oportuna esta proba. A finais de curso o exame final servirá de proba final para aquel alumnado que, ao facer a media das tres avaliacións, non consegue aprobar.

A Pobra de Trives, 23 de marzo de 2022

Gonzalo García Fortes

Xefe do departamento de Lingua Galega e Literatura